

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 10 de marzo de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3.- APROBACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CARBALLO PARA O ANO 2025.”

ANTECEDENTES DE FEITO

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Carballo, con CIF núm. G-15406846, realiza actividades de diversa índole social, humanitaria e de prevención de riscos, ao longo de todo o ano.

Máis concretamente colabora co Concello de Carballo no desenvolvemento de actividades preventivas en actos multitudinarios e concentracións de público (festas de San Xoan, festas da Milagrosa, carreiras populares, actividades do motor e o deporte, etc.), colaboración na regulación de aparcamentos nas praias de Razo e Baldaio – Pedra do Sal incrementando o número de persoal que desenvolve o servizo para que ao mesmo tempo que se regula o tráfico sexa viviado o cumprimento e mantemento das medidas medioambientais, impartición de talleres formativos en materia de primeiros auxilios e actividades subacuáticas nos distintos centros escolares do concello, participación en simulacros en colexios e edificios municipais, apoio á área de servizos sociais (acompañamento de persoas con dificultades motrices ou psíquicas en excursións ou actos públicos) entre outras. E así consta na solicitude presentada en data 10 de febreiro de 2025 con rexistro de entrada núm. 202500000000536.-.

O gasto que supoñen estas actividades detállase no desglose de gastos presentado xunto coa solicitude, que ascende a un total de 25.330,00 €, segundo o seguinte detalle:

- *Manutención e desprazamentos (dietas) dos voluntarios que forman a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Carballo, realizados no Concello de Carballo*
----- **9.200,00 Euros.-**
- *Mantemento aplicación informática* ----- **595,00 Euros.-**
- *Accesorios para os equipos de comunicacións portátiles* ----- **1.500,00 Euros.-**
- *Aluguer de vallas, conos, balizas e demais material de sinalización*
----- **1.500,00 Euros.-**
- *Vestuario e outros* ----- **6.500,00 Euros.-**
- *Seguro de Defensa Xurídica Xeral* ----- **365,00 Euros.-**
- *Seguro de Responsabilidade Civil* ----- **510,00 Euros.-**
- *Seguro de Accidentes* ----- **420,00 Euros.-**
- *Xestoría - asesoría xurídica* ----- **540,00 Euros.-**
- *Reparacións varias (bicicletas, equipos de comunicacións, etc.)* ----- **1.200,00 Euros.-**
- *Material AVPC* ----- **3.000,00 Euros.-**

TOTAL ORZAMENTO ANO 2024: 25.330,00 Euros.-

No orzamento municipal de 2025, contéplase unha subvención nominativa a favor da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Carballo, con cargo á aplicación orzamentaria 1350.48900 “Subvención Agrupación Voluntarios Protección Civil”, por importe de 25.000,00 euros.- (RC Nº 22025000553).

Consta informe da interventora municipal de data 25 de febreiro de 2025, no expediente electrónico.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000005

A agrupación xustifica neste intre atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fiscais e coa Seguridade Social, que se derivan da súa actividade. A agrupación autoriza de xeito expreso ao Concello de Carballo a facer as consultas que sexan necesarias sobre os seus datos, para a comprobación de que a agrupación se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fiscais e coa Seguridade Social, que se derivan da súa actividade.

O Concelleiro delegado de Servizos, Medio Ambiente, Praias e Protección Civil efectúa a proposta de aprobación o día 26/02/2025, no expediente número 2025/A008/000014.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Ordenanza xeral de subvencións do concello de Carballo.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, no seu artigo 26,1 c), refire como servizos de prestación obrigatoria nos concellos de máis de 20000 habitantes o de protección civil.

Por iso, a Xunta de Goberno Local en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 632/2025, do 26 de febreiro (BOP núm. 46 do 10/03/2025), por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder unha subvención á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Carballo con CIF núm. G-15406846, por importe de 25.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 1350.48900 "Subvención Agrupación Voluntarios Protección Civil" para a colaboración no desenvolvemento de actividades preventivas en actos multitudinarios e concentracións de público (festas de San Xoan, festas da Milagrosa, carreiras populares, actividades do motor e o deporte, etc.), colaboración na regulación de aparcamentos nas praias de Razo e Baldaio – Pedra do Sal incrementando o número de persoal que desenvolve o servizo para que ao mesmo tempo que se regula o tráfico sexa vixiado o cumprimento e mantemento das medidas medioambientais, impartición de talleres formativos en materia de primeiros auxilios e actividades subacuáticas nos distintos centros escolares do concello, participación en simulacros en colexios e edificios municipais, apoio á área de servizos sociais (acompañamento de persoas con dificultades motrices ou psíquicas en excursións ou actos públicos) entre outras, así como para o seu funcionamento ordinario, durante o ano 2025.

Segundo.- Esta subvención do Concello de Carballo é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas e/ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

Non obstante, no caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

Terceiro.- Debido ao interese xeral da actividade para Carballo e á importancia, alcance e custo do programa, así como ao tipo de gastos asumidos pola agrupación, que requiren, en moitos casos, do pago anticipado dos servizos prestados, sen que a agrupación teña capacidade económica para asumilos, o pago da subvención que se conceda á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Carballo, terá carácter prepagable, sen necesidade de constituír garantía.

Cuarto.- A achega municipal farase efectiva da seguinte forma:

- O 50% da subvención, unha vez notificado o acordo de concesión da mesma e sempre que a agrupación acredite estar ao corrente nas súas obrigas fiscais coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social. Así mesmo deberá presentar declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Pública.*
- O 30% da subvención, unha vez acreditado o gasto realizado, por importe, cando menos, do 50% recibido.*
- O último 20%, unha vez finalizado o proxecto e presentada pola agrupación a documentación xustificativa establecida no seguinte apartado.*

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000005

A agrupación estará obrigada a reintegrar o importe recibido en concepto de anticipo, se por calquera circunstancia as actividades non se realizasen ou non se cumprira coas obrigas e requisitos establecidos para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 da Lei 38/2003, e nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007.

Quinto.- A agrupación terá que xustificar o cumprimento da actividade subvencionada, mediante a presentación, unha vez finalizado o proxecto, e sempre antes do 10 de decembro de 2025, da seguinte documentación:

- o Memoria das actividades xustificativas do cumprimento do obxecto da subvención.*
- o Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.*
- o Relación clasificada dos gastos reais da actividade, con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do orzamento presentado na solicitude.*
- o Facturas orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas, por importe cando menos, da contribución do Concello de Carballo.*
- o Acreditación da obriga de facer constar o financiamento do Concello de Carballo na realización das actividades da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.*

Serán gastos subvencionables os vencellados directamente coa realización das actividades previstas no apartado primeiro e respecten os límites establecidos na normativa aplicable.

En concreto nos casos de reembolso aos voluntarios dos gastos ocasionados, en concepto de dietas por desprazamento e manutención polas actividades nas que colaboran, deberanse indicar as datas dos desprazamentos e os quilómetros percorridos, o lugar e hora de inicio e destino de cada un dos desprazamentos, así como o motivo do desprazamento.

Sexto.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do beneficiario serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvenciones coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Sétimo.- Para o non previsto neste acordo de concesión será de aplicación o disposto na ordenanza xeral de subvencións do Concello de Carballo, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia e na demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas.”

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde